

## PROGRAMACIÓN DE 5º DE EDUCACIÓN INFANTIL DO GRUPO A

### CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación está estudiada para un grupo de alumnas/os de 5º de E.I. grupo A do C.R.A. Raiña Aragonta, ubicado na sede de dito centro. No presente curso escolar 2020/2021 están matriculados nesta aula 15 nenas/os, o feito de ser un grupo reactivamente pequeno é tendo una aula física media permítenos facer una distribución da organización do espacio que se aproxima bastante a una calidade de moi boa para o modelo de ensino-aprendizaxe.

Neste curso todas as familias do alumnado contan con conexión as redes.

O curso 2019/2020 foi un curso atípico, atopámonos de repente con una situación extraordinaria e moi especial que nadie coñecía é toda a comunidade educativa (Mestres-pais e equipo directivo) foron día a día solventando moita profesionalidade, esforzo e ilusión, coas instrucións que nos chegaban da Consellería. As aprendizaxes durante o confinamento foron especialmente reforzadas dos obxetivos traballados durante o período de ensino presencial, a partir dese momento a valoración deste reforzo das aprendizaxes foi bastante desigual por parte da implicación das familias, algunhas non tiñan neste momento conectividade e ademais da falta de experiencia neste modelo de ensino non presencial neste etapa do 2º ciclo de E.I.

### OBXETIVOS

Polo que no presente curso escolar 2020/2021 na programación dos obxetivos partimos dunha revisión e adaptación a actual situación sanitaria, dentro da AREA DE ENSINO GLOBALIZADO -CONSTRUTIVISTA E POR PROXECTOS desde as 8 Competencias Básicas co modelo de aprendizaxe que se implique en "Aprender a Aprender" e "Aprender facendo" para un ensino :

PRESENCIAL

SEMIPRESENCIAL

A DISTANCIA.

## CONTIDOS

Diseñaremos actividades para adquirir os bloques de contidos nas 8 Competencias Básicas para o alumnado específico de 5º de E.I. Facendo especial fincape nas Areas de Coñecemento e Autonomía , traballando

--O corpo e a propia imaxen

--Actividade cotiá

--O coidado persoal e a saúde na situación actual coa pandemia por o covid-19

O COÑECEMENTO DO CONTORNO E INTERACIÓE CO MUNDO, favorecendo o descubrimento e representación do medio físico, un achegamento á natureza.A vida e cultura en sociedade.

Fomentar a Competencia en Comunicación Lingüística,que permita expresar pensamentos ,emocions, vivencias e opinións .Saber escoitar e ter en conta as ideas e opinión dos outros.

Traballaremos a Competencia matemática para producir e interpretar información , resolver problemas relacionados coa vida cotiá.

Fomentaremos o uso das TICS como xeradoras e transmisoras de coñecemento.

E na Competencia social e cidadá fomentando as relación cos demais, a cooperación ,a tolerancia ,a empatía.

Como proxecto anual de centro neste curso temos “alucine” e a película elixida para traballar nesta aula todas as Competencias é “PINOCHO”

Estamos abertos a pequenos proxectos que poidan surxir e de interese para alumnado o longo do curso.

## AVALIACIÓN

Partimos dunha avaliación inicial , valoración e análise dos obxetivos e aprendizaxes non adquiridos no curso anterior debido a excepcionalidade polo estado de alarma por a pandemia do covid-19.Ex:poñer o seu nome, recoñecer e a escrita dos números ata 5,as normas básicas de autonomía persoal..

E dende ese coñecemento a avaliación será continua e global, sexa de xeito presencial ou virtual dependendo das circunstancias que podan darse a o longo do curso. Faremos adaptacións para os diferentes modelos de ensino-aprendizaxe.

## METODOLOXIA

Traballaremos dende una metodoloxia construtivista por proxectos adaptada os posibles escenarios que poidan surxir:

--Ensino presencial

--ensino non presencial.

Para a adquisición das 8 Competencias Básicas cos diferentes modelos de ensino-aprendizaxe, contando con todos os medios tanto físicos como de redes, a través de correos, vídeo llamadas, reunións por webex..

## ORGANIZACIÓN DO ESPACIO.

Tendo en conta os protocolos da Consellería de Educación por mor da pandemia do covid-19, a aula de 5º de E.i. é unha aula burbuxa de 15 nenas/os en grupos de 4 en cada mesa, con unha separación entre mesas bastante normal, contando con tres recunchos:

1º Xogo simbólico

2º Contos

3º construcións máis puzzles.

## ORGANIZACIÓN DO TEMPO

O longo da xornada escolar diaria organizaremos sesións de tempos de 20 minutos e alternaremos momentos de traballo individual na mesa, con traballos de grupo mesa de 4 nenas/nenos. As rutinas,, a hora do conto, serán en momentos de aula burbulla como a merenda na aula.

Introducindo no presente no presente curso todo o referente ao protocolo covid-19, desinfección de mans cada hora, a distancia de separación

## ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Contamos cos apoios na aula dos especialistas de Audición e Linguaxe e tamen de Pedagogía Terapéutica para un alumno de NEAE, tamen coa colaboración do orientador do centro , mantendo ademáis unha comunicación fluida cos distintos servizos externos de atención o alumnado .

## ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA A ALTERNATIVA A RELIXIÓN.

No presente curso escolar 10 alumnas/alumnos asisten a alternativa a relixión, e propomos dende unha maior profundización da 5ª Competencia Básica : COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ, Traballaremos a través de contos, as tics ,videos e mini-proxectos

1º Coñecerse e valorarse,(diferentes a vez iguais)

2º Relacionarse cos demais dende a tolerancia, respetando o outro, as súas creencias e culturas, distinta a propia,a empatía .E por último conceptos como: SOLIDARIEDADE, RESPONSABILIDADE ,O ESFORZO e tamen a resolución do conflito.